

Resolución do 15 de outubro de 2018, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, pola que se resolve a convocatoria pública para a cobertura de tres prazas mediante vinculación temporal de interinidade na categoría de facultativo especialista de área de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.

Por resolución do 18 de xuño de 2018 (DOG núm. 129, do 6 de xullo) convocouse a cobertura de tres prazas, mediante vinculación temporal de interinidade, na categoría de facultativo especialista de área de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía no Hospital de Verín.

De acordo co disposto nas bases da convocatoria, previa actuación da Comisión de Avaliación a que se fai referencia na base quinta, e a vista dos méritos alegados polos aspirantes e da memoria que constan nas actas da devandita Comisión,

Esta Xerencia de Xestión Integrada de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas,

ACORDA:

Primeiro.- Adxudicar a **dona María Ángeles Cano Leira e dona Begoña Gil Gómez** os nomeamentos de interinidade convocados no Hospital de Verín.

Segundo.- Declarar deserto un nomeamento de interinidade convocado no Hospital de Verín ao non concorrer aspirantes.

Terceiro.- A incorporación das adxudicatarias ás prazas convocadas deberá ter lugar no prazo de cinco días naturais, contados a partir do seguinte a publicación desta resolución nos taboleiros de anuncios da Xerencia e na páxina web do Servizo Galego de Saúde.

Cuarto.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de un mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

Ourense, 15 de outubro de 2018

O XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA

Asdo.: Julio García Comesaña

